



Janet Novas interpreta María en 'O corno', unha muller que gaña a vida mariscando.

—Análise

Toda a beleza e toda a dor



Álex Mene

Escritor e catedrático de instituto

O corno, de Jaione Camborda (Donostia, 1983), Cuncha de Ouro da 71ª edición do Festival de San Sebastián (Donostia Zinemaldia), é unha película de fronteira. A fronteira que separa o pracer da dor, a fronteira entre o branco e o negro, a fronteira natural e, asemade, artificial, do río Miño que separa Galiza e Portugal, a fronteira entre a concepción e o aborto, a fronteira entre a inspiración e a expiración. En definitiva, a fronteira que separa o gozo de vivir da negrura da morte. O mesmo cornizó dos cereais ao que alude o título pode usarse para mitigar as dores do parto e aceleralo ou para abortar.

O filme está ben condensado nese plano en que un mozo, tras apañar una amora entre as silvas –froito da paixón e, tamén, froito prohibido que medra entre as espiñas–, llo pasa coa boca á súa moza, e unha pinga do zume da froita escapa das súas linguas entrelazadas para fuxir polos beizos pel abaixo, é dicir, esvarar polo pescozo dela. Velái o vermello líquido aludindo ao desvirgamento, pero tamén anticipando o mesto sangue que expulsará o seu corpo para lembrármolos que principio e fin son caras dunha mesma moeda. O sangue que transmitimos, o que nos dá a vida e, asemade, nos fai sufrir.

Sororidade

O corno é unha película que reflexiona verbo das distintas fases da vida e do eco que producen, da vertixe das diferentes idades polas que navegamos; dende o primeiro ar que penetra nos nosos pulmóns até o derradeiro alento, pasando pola infancia, a madurez e a vellez. Os anos que decorren silandeiros marcan con cicatrices que aínda doen, coma esa rabuñada

—Elas son silenciadas, mais son quen de falar coa luz dunha lanterna rachando as sombras da noite

que leva a protagonista no seu ventre nutricio, e a que levan as mulleres na súa alma polos fillas e fillos que tiveron ou non tiveron, é aí a cuestión. A maxia que envolve o misterio da vida e da morte. Por iso a esperanza xermolará nun campo de millo, coa intervención estelar dun ilusionista, coas mans afundidas na terra da que saímos e á que volveremos e, no fondo, as cacharelas de san Xoán alumeando a madrugada.

A película está empapada dunha sororidade que traspasa as fronteiras das que fala. Unha sororidade que agroma entre as mulleres por riba da súa lingua, etnia ou cultura; esa camaradería feminina que vai tecendo unha agarimosa rede do coidado. As mulleres confinadas nas marxes saen adiante contra vento e marea. Elas traballan fóra e dentro da casa, mentres eles só o fan fóra. Elas son silenciadas, mais son quen de falar coa luz dunha lanterna rachando as sombras da noite. Elas, que cantando celebran ebrias de viño e rosas o seu amor infinito. Mais a carreira das mulleres pode verse

truncada polo froito do desexo e, quizabes, por iso a adolescente da cinta é unha prometedor atleta; "correndo non hai quen te pille", dille a súa amiga. O que as adolescentes non podían imaxinar é que, precisamente, unha aliaxe entre natureza, desexo e amor vai atrapala nunha rede da que naqueles anos setenta –e arestora– é difícil fuxir; a carreira interrompida pola maternidade.

Anguria e confusión

O corno tamén é unha historia de barcas, naves que nos levan dunha beira a outra, alusión ao río Estixia ou Aqueronte e á barca de Caronte. Porén, a protagonista, a inmensa Janet Novas, non ten moedas coas que pagar esa viaxe que a afaste do inferno. Xusto nunha desas secuencias de barcas e beiras prodúcese unha confusión entre o lugar de partida e o de chegada, non sei se é froito do azar ou algo feito á mantenta. A protagonista sae da parte esquerda do encadre e, tras abandonar a Illa de Arousa e cruzar o mar que a separa de terra firme, volve a esa parte esquerda do encadre creando un intre de desorientación na audiencia. Ou vai ti saber, que neste caso, esa confusión espacial pode obedecer a unha intencionalidade narrativa para que compartamos a anguria que envolve a muller e que, nese mar de dúbidas, teoriza sobre a imposibilidade de coñecer cal será a beira que a salvará de morrer afogada, que a afastará de tanto sufrimento e lle ofrecerá un lugar en que acubillarse de tantos golpes que nos dá a vida.

O corno é un bucle filmico, unha longametraxe que comeza e acaba case da mesma forma, pero de xeito moi diferente. Cando as derradeiras imaxes esvaece na pantalla e a súa persistencia na nosa retina aínda permanece latexando durante un anaco, comprendemos que estivemos sentados perante unhas imaxes que se estenden pola delgada liña dunha circunferencia entendida como lugar xeométrico: todos os puntos equidistan doutro fixo chamado centro, pero resulta tarefa imposible sinalar cal de todos eles é o punto inicial e cal o final. Dentro, na superficie dese círculo, a directora consegue capturar toda a beleza e a dor.